

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 28 de abril de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para fomentar a responsabilidade social empresarial (RSE) nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2011.

A Responsabilidade Social Empresarial (RSE) é un concepto en pleno desenvolvemento no tecido económico e social actual que, sen dúbida, é moi beneficioso para o progreso da nosa sociedade e contribúe á mellora da calidade e competitividade das empresas, sendo así que as administracións públicas deben impulsar e dinamizar este concepto nas empresas e nas institucións.

Pero a realidade da situación actual é que este concepto se atopa aínda en fase de desenvolvemento e consolidación nas empresas, polo que precisa do seu fomento e desenvolvemento.

En concordancia co anterior, no proceso do actual diálogo social estase a debater un Plan Estratéxico Galego de RSE, no cal o obxectivo é establecer as liñas mestras sobre as que deberán basearse as actuacións das políticas públicas nesta materia. En concordancia con isto, a Xunta de Galicia convoca, a través desta orde axudas ás pequenas e medianas empresas galegas, para implantar sistemas ou ferramentas de xestión de RSE, entendendo a RSE como algo voluntario para as empresas e que cada unha delas poderá establecer un marco de actuación que mellor se lle adecue á súa estratexia empresarial.

Polo exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, e obtidos os informes preceptivos na tramitación, en uso das facultades que teño conferidas, de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin que foron establecidos,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para fomentar a responsabilidade social empresa-

rial (RSE) nas pequenas e medianas empresas (pemes), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2011.

Artigo 2. Actuacións e gastos subvencionables.

As actuacións subvencionables desagreganse nas seguintes liñas:

Liña I: axudas para a implantación de modelos, sistemas ou ferramentas de xestión que introduzan conceptos de RSE nas empresas galegas.

Estes sistemas ou ferramentas deberán cumprir cunhas características de eficacia, eficiencia e de recoñecemento interno e externo que permitan obter no só resultados directos senón valor engadido polo recoñecemento no mercado e na sociedade, tales como os establecidos ou recoñecidos polas iniciativas ou estándares do Pacto Mundial das Nacións Unidas, Global Reporting Initiative (GRI), Empresa Familiarmente Responsable (EFR), ISO 26000, ISO 14000, EMAS, entre outros.

Terán cabida neste punto todas aquelas actividades de diagnóstico, deseño, avaliación interna, etc., relativas ás distintas fases que comprende a adopción dun determinado modelo.

A realización destes traballos poderá ser levada a cabo por persoal da propia empresa que conte con capacidade profesional acreditada en materia de responsabilidade social ou mediante a contratación da totalidade ou parte da actividade a través dunha entidade especializada en servizos de asesoría e auditoría interna e que deberá estar homologada pola entidade propietaria do modelo de xestión.

Liña II: axudas para que a empresa reciba formación específica en materia de sustentabilidade ou responsabilidade social empresarial.

Esta formación deberá ser impartida polos organismos ou entidades dedicadas á formación en calquera das súas modalidades (presencial, e-learning, posgrado, coaching, etc.) que colaboren na implantación de modelos de xestión de responsabilidade social empresarial e que estean recoñecidas polas organizacións propietarias dos modelos ou ferramentas de xestión polos que opten a empresas solicitantes.

A formación estará destinada a capacitar as persoas que traballen na empresa en materia de sustentabilidade ou responsabilidade social empresarial para poder desenvolver os traballos necesarios tales como proxectos, informes, memorias ou outras actividades

para poder obter os reportes, estándares ou certificacións en responsabilidade social empresarial.

Liña III: axudas para a obtención de reportes, estándares ou certificacións en responsabilidade social empresarial.

Neste punto compréndese o custo da certificación por entidades independentes que estean recoñecidas polas organizacións propietarias dos sistemas de xestión de responsabilidade social empresarial polos que opten as empresas.

Para estes efectos terán a consideración de gastos subvencionables os gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2011 ata a data de xustificación. Non serán subvencionables os gastos relativos ao funcionamento ordinario das empresas nin a adquisición de material inventariable.

Segundo o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en ningún caso serán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

En todo caso nas axudas respectaranse as condicións da Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE modificada pola Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo.

Artigo 3. *Beneficiarias.*

Poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas privadas con domicilio social e centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, que reúnan as seguintes condicións:

a) Que non superen os 50 millóns de euros de volume de negocio anual ou o seu balance anual sexa inferior a 43 millóns de euros.

b) Que contén cun número de persoas traballadoras inferior a 250. Para os efectos de determinar o número de persoas traballadoras na empresa, atenderase ao número de persoas traballadoras no momento da presentación da solicitude.

c) Atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concep-

to, coa administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade á proposta de resolución, así como antes das correspondentes propostas de pagamento.

d) Non teñen consideración de beneficiarias as entidades sen ánimo de lucro.

Artigo 4. Financiamento e normativa reguladora.

A concesión das axudas previstas nesta orde realizarase no exercicio 2011 con cargo á aplicación 12.03. 324A 474.0 código de proxecto 201100605, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, por un importe total de douscentos oitenta mil euros (280.000 €), que se distribúe para as liñas recollidas nesta da orde, da seguinte forma:

Liña I: 150.000 €.

Liña II: 100.000 €.

Liña III: 30.000 €.

Se non se presentase ningunha solicitude nalgunha das liñas sinaladas, ou o número das efectuadas non supuxera o esgotamento do crédito dispoñible para a liña respectiva, o crédito sobranse destinarase a incrementar o crédito das outras liñas seguindo a orde de prelación das propias liñas (I, II e III).

Estas axudas están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do programa Operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola decisión da Comisión Europea do 18 de setembro de 2007, no eixo 2 e tema prioritario 65; este cofinanciamento farase constar nas resolucións de concesión.

As solicitudes, a súa tramitación e concesión axustaranse ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 5. *Contía das axudas.*

A contía das axudas previstas consistirá, no aboamento do 100% dos gastos debidamente xustificadas, con límite máximo por beneficiaria de:

Liña I: 5.000 €.

Liña II: 2.000 €.

Liña III: 2.000 €.

CAPÍTULO II

Competencia e procedemento

Artigo 6. Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de subvencións previstas nesta orde, por delegación da persoa titular da consellería competente en materia de traballo, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Artigo 7. *Solicitudes, prazo e documentación.*

1. Solicitudes.

As solicitudes de axudas e subvencións recollidas nesta orde dirixiranse pola empresa solicitante ao órgano competente para resolver e se presentarán por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo o establecido no artigo 14.2 da Lei 9/2007, as persoas interesadas poderán consultar esta orde e obter os impresos necesarios desde a páxina web da Consellería de Traballo e Benestar: <http://traballo.xunta.es>

2. O prazo para a presentación de solicitudes de axudas rematará no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da norma no *Diario Oficial de Galicia*. Para este efecto, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día de publicación. Se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do

cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes e, se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

3. As solicitudes presentaranse no modelo que figura como anexo I desta orde, e deberán ir acompañadas da documentación que deseguido se relaciona:

3.1. Documentación xenérica:

- a) Modelo de declaración responsable segundo anexo I desta orde.
- b) Fotocopia compulsada da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal da entidade solicitante.
- c) Fotocopia compulsada da documentación acreditativa (escritura de constitución, estatutos ou análogos) do domicilio social da empresa.
- d) Declaración do representante da empresa dos centros de traballo dos que dispón a empresa.
- e) Fotocopia compulsada do documento que acredite a representación coa que actúa a persoa que asina a solicitude, así como fotocopia compulsada do documento nacional de identidade do solicitante no caso de que a persoa interesada non autorice a comprobación dos datos por medio do acceso telemático ao sistema de verificación de datos de identidade.
- f) Ficha de solicitude da transferencia bancaria segundo o anexo III desta orde.
- g) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, perante outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, segundo o anexo IV desta orde.
- h) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas sometidas ao réxime *de minimis* nos tres últimos anos, segundo anexo V desta orde.
- i) Declaración do representante da empresa na que se relacione o cadro de persoal de todos os centros da empresa nos doce meses anteriores á solicitude, con indicación do tipo de contrato e antigüidade na empresa.

j) Copia compulsada dos documentos TC2 da empresa solicitante, referidos ao mes inmediatamente anterior á presentación da solicitude e documento xustificativo do seu pagamento. No caso de non poder achegar o TC2 do dito mes, achegarán o relativo ao último mes que teñan pagado.

k) Balance e conta de resultados da entidade solicitante do último exercicio pechado anterior á data da solicitude.

l) Documentación acreditativa dos criterios de valoración especificados no artigo 11 desta orde, que reúne a empresa solicitante. No caso do criterio 6º deberá achegarse declaración da lingua que se vai empregar.

m) Memoria detallada na que se explique o desenvolvemento da actividade que se vai realizar e os custos desta.

3.2. Documentación específica:

Liña I:

a) Indicación dos medios previstos para o seu desenvolvemento.

–Se se realiza mediante persoal da propia empresa: currículo que acredite os coñecementos deste persoal en materia de responsabilidade social empresarial.

–De ser o caso, certificación da consultora que se vai encargar do proxecto na que se acredite a súa homologación pola entidade propietaria ou responsable do modelo de xestión.

b) Orzamento detallado dos gastos necesarios para a realización do proxecto, informe ou actividade cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes.

Liña II:

a) Documentación acreditativa de que a entidade formativa colabora coas entidades propietarias dos modelos de xestión aos que a empresa quere adherirse.

b) Programa do curso, que acredite que a temática se axusta ao compromiso, estándar ou certificación co que se compromete.

c) Orzamento detallado do curso ou tarifa do mesmo establecida pola entidade que o imparte.

d) Certificación da empresa solicitante da persoa ou persoas que van asistir á formación, con indicación da súa categoría e do posto de traballo que desempeñan.

Liña III:

a) Documentación da entidade certificadora acreditativa de que está recoñecida pola entidade propietaria do modelo que se pretende implantar.

b) Orzamento detallado dos gastos da certificación.

Artigo 8. *Consentimentos e autorizacións.*

8.1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación das bases reguladoras.

8.2. A presentación da solicitude de subvención pola entidade comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación, nos termos previstos regulamentariamente, xunto coa solicitude.

No caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de emisión do certificado telemático, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

8.3. A presentación da solicitude de subvención pola entidade comportará a autorización ao órgano xestor para acceder ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade e Residencia, co fin de evitar a achega do DNI do solicitante ou do seu representante legal. No caso de que o solicitante non autorice este acceso deberá, obrigatoriamente, presentar o DNI coa solicitude.

8.4. Mediante a presentación da solicitude de subvención o interesado da expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. (DOG n.º 153, do 9 de agosto).

8.5. De conformidade cos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, segundo o establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos referidos datos, sempre con respecto ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

8.6. Por estar a axuda cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informaráselle á persoa beneficiaria que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos beneficiarios, das operacións, e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación e que a Autoridade de Xestión do Programa Operativo publicará conforme ao previsto no artigo 7.2 d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro (DOUE L/45, do 15-2-2007).

Artigo 9. *Instrución.*

1. O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo de Relacións Laborais da Subdirección Xeral de Traballo, que realizará as actuacións necesarias para comprobar os datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común requirirá á entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou

presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

3. O procedemento de concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, nos termos establecidos no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10. *Avaliación das solicitudes.*

1. Unha vez instruídos os expedientes pasarán para o seu exame á comisión de avaliación que informará ao órgano instructor. Este órgano elevará a proposta á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, quen resolverá poñendo fin á vía administrativa.

2. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior a comisión de avaliación estará formada polos seguintes membros: a persoa titular da Subdirección Xeral de Traballo, quen presidirá, a persoa titular do Servizo de Relacións Laborais e a persoa titular dunha xefatura de sección do Servizo de Relacións Laborais, que actuarán como vogais, e un funcionario ou funcionaria designado pola presidencia, que actuará como secretario ou secretaria. A dita comisión poderá adoptar validamente os seus acordos, sempre que asistan a ela a presidenta, ou persoa na que delegue, un ou unha vogal e o secretario ou secretaria. Se por calquera causa, no momento no que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída polo funcionario ou funcionaria que para o efecto designe a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

3. A comisión de avaliación, motivadamente, poderá requirir das entidades solicitantes das axudas información ou documentación adicional que, non estando en poder da administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

Artigo 11. *Criterios de avaliación.*

A valoración das solicitudes presentadas efectuarase de acordo cos criterios e a ponderación que a seguir se relacionan:

1.º A taxa de estabilidade do cadro de persoal nos doce meses anteriores á solicitude, é dicir, a porcentaxe de persoas traballadoras fixas sobre o total do cadro de persoal, sempre que esta sexa superior ao 50%. Máximo 25 puntos.

2.º O ámbito de repercusión social das actuacións, valorando o número de traballadoras e traballadores da empresa beneficiaria. Máximo 25 puntos.

3.º Certificación acreditativa da existencia doutros sistemas de calidade ou excelencia, políticas de igualdade, ambientais, de prevención de riscos laborais ou de calquera outro eido en materia de RSE dentro da mesma empresa. Máximo 10 puntos.

4.º As actuacións en materia de responsabilidade social empresarial realizadas con anterioridade, sempre que se acrediten documentalmente. Máximo 10 puntos.

No caso da liña I, ademais dos criterios antes sinalados valoraranse os seguintes:

5.º A integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nos informes, proxectos ou actividades presentados. Máximo 10 puntos.

6.º Emprego da lingua galega na realización do informe, proxecto ou actividade para a que se solicita a axuda. 10 puntos.

A concesión destas subvencións realízase mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, establecéndose unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración fixados no parágrafo anterior, e adxudicárase a aquelas propostas que obtivesen maior puntuación. No caso de empate na puntuación obtida, establecerase como criterio de desempate a orde establecida nos criterios de valoración sinalados.

Artigo 12. *Resolución e recursos.*

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes previstas nesta orde corresponde-lle á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar por delegación da conselleira de Traballo e Benestar.

Logo da fiscalización da proposta polo órgano interventor da consellería, o órgano concedente ditará a correspondente resolución que se lles notificará ás entidades interesadas.

O prazo para resolver e notificar será de tres meses. En todo caso, o antedito prazo non comezará a computarse ata que transcorra o prazo previsto para a presentación de solicitudes. Transcorrido o antedito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase

desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Forma de pagamento e xustificación.*

1. Unha vez notificada a resolución definitiva, as persoas interesadas disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. O pagamento efectuarase de xeito nominativo e pagamento único, pola súa totalidade, a favor das beneficiarias e logo da acreditación dos gastos e pagamentos realizados. Abonarase o 100% dos gastos realmente realizados e xustificados, ata o tope da contía inicialmente concedida como subvención.

En todo caso, a forma de xustificación deberá aterse ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ao disposto no artigo 29 desta.

De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación coa data límite do 15 de outubro de 2011, inclusive, agás que a resolución de concesión dispoña outra data posterior, da documentación que corresponda, relacionada nos puntos seguintes:

–Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, no prazo, nos termos e na forma que estableza na resolución de concesión.

–Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas e/ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

–Declaración complementaria das axudas solicitadas ou concedidas sometidas ao réxime *de minimis* nos tres últimos anos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado esta perante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que, no prazo impro-rogable de dez días, a presente. Así mesmo, cando o órgano competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, porao no seu coñecemento e concederalle un prazo de dez días para a súa corrección. A falta de presentación da xustificación ou a non corrección no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención.

Non poderá realizarse, en ningún caso, o pagamento da subvención mentres a beneficiaria non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e da Seguridade Social, sexa debedora en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da comunidade autónoma.

CAPÍTULO III

Obrigas, compatibilidade, seguimento e control

Artigo 14. Prohibicións, incompatibilidades e concorrencia.

A entidade solicitante non poderá atoparse incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, circunstancia que se xustificará mediante a declaración contida no anexo I desta orde.

Estas axudas son compatibles con outras outorgadas para o mesmo fin pero, en ningún caso, o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións

ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria.

Artigo 15. Obrigas das beneficiarias.

Son obrigas das entidades beneficiarias das axudas e subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en especial as seguintes:

- a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da axuda ou subvención.
- b) Atoparse ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a proposta de resolución, así como antes das correspondentes propostas de pagamento.
- c) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, ou axudas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. En especial, e dado que as subvencións concedidas ao abeiro desta orde están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, as persoas ou entidades beneficiarias garantirán, durante un período de tres anos a partir do peche do Programa operativo ou ben durante un período de tres anos a partir do ano en que tivese lugar o peche parcial deste, a dispoñibilidade dos documentos xustificativos. Os gastos subvencionados deberán poder identificarse na súa documentación contable de forma separada.
- e) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da comunidade autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- f) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar, así como, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE)

n.º 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) N.º 1803/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

Artigo 16. Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 17. Revogación e reintegro.

Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve.

A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 18. Seguimento e control.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da administración, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento das liñas de actuación.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos esixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos as beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 19. Axudas baixo condicións de minimis.

Os incentivos establecidos nesta orde quedan sometidos ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder dos límites cuantitativos establecidos no Regulamento

(CE) número 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE L 379, do 28 de decembro de 2006). Nos termos desta normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa determinada non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros cando se trate dunha empresa que opere no sector do transporte por estrada.

Disposición adicional primeira.

A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde, agás aquelas que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopen en poder da administración actuante.

Disposición adicional segunda.

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da consellería competente en materia de traballo na persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións de concesión destas ditadas por delegación da persoa titular da consellería de Traballo e Benestar.

Disposición derradeira primeira.

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2011.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



ANEXO I



EXPEDIENTE

<p>PROCEDIMENTO AXUDAS PARA FOMENTAR A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL NAS PEMES</p> <p><input type="checkbox"/> Liña I: para a implantación de modelos, sistemas ou ferramentas de xestión que introduzan conceptos de RSE nas empresas galegas.</p> <p><input type="checkbox"/> Liña II: para que a empresa reciba formación específica en materia de sostenibilidade ou responsabilidade social empresarial.</p> <p><input type="checkbox"/> Liña III: para a obtención de reportes, estándares ou certificacións en responsabilidade social empresarial.</p>	<p>CÓDIGO DO PROCEDIMENTO</p> <p>TR860A</p>	<p>DOCUMENTO</p> <p>SOLICITUDE</p>
---	--	---

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF/NIF	
ENDEREZO SOCIAL			
LOCALIDADE / CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
ENDEREZO ELECTRÓNICO			CNAE
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓN)			
NÚMERO DE TRABALLADORES	IMPORTE BALANCE ANUAL (2009)	VOLUME DE NEGOCIO ANUAL (2009)	
CENTRO DE TRABALLO (ENDEREZO, LOCALIDADE, CONCELLO, PROVINCIA, C/P E TELÉFONO)			

E na súa representación:

APELLIDOS	NOME	DNI	TELÉFONO
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
LOCALIDADE	EN CALIDADE DE		

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO			
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Orde do 28 de abril de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para fomentar a responsabilidade social empresarial (RSE) nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2011.</i></p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <p>RECIBIDO</p> <p>REVISADO E CONFORME</p>	<p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <p>DATA DE ENTRADA</p> <p>DATA DE EFECTOS</p> <p>DATA DE SAÍDA</p>
<p>SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOAA QUE O/A REPRESENTA</p> <p>_____, de _____ de _____</p>		

Dirección Xeral de Relacións Laborais
San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela

CVE-DOG: 4c6f628e-71d7-4113-bca7-384b7fee047a

ANEXO I
(continuación)

O/a solicitante ou representante,

DECLARA QUE:

- a) Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- b) Non se incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 13 da orde de convocatoria.
- c) Comunicaranlle ao órgano que conceda a axuda calquera modificación das condicións tidas en conta no momento da concesión, así como dos compromisos e obrigas asumidas polo/a beneficiario/a e, se é o caso, a obtención de subvencións ou axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- d) Sométese ás actuacións de control, comprobación ou inspección que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar e ás de control financeiro que lle correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.
- e) Non se incorre nas circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- f) Autoriza a obtención dos certificados establecidos no artigo 7 desta orde.
- g) Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas (os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros, rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal).
- h) Autoriza expresamente o seu consentimento a Consellería de Traballo e Benestar para que, de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, con expresión do beneficiario, a contía e a súa finalidade.
- i) Autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co establecido no artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade.

SI NON

e SOLICITA:

As subvencións indicadas na parte superior.

_____, de _____
(Sinatura do/a solicitante ou representante da entidade)

Asdo.:

ANEXO II

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (sinalar cun X a que se presenta)

DOCUMENTACIÓN XENÉRICA:

- Modelo de declaración responsable segundo anexo I desta orde.
- Fotocopia compulsada da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Fotocopia compulsada da documentación acreditativa (escritura de constitución, estatutos ou análogos) do domicilio social da empresa.
- Declaración do representante da empresa dos centros de traballo dos que dispón a empresa.
- Fotocopia compulsada do documento que acredite a representación coa que actúa a persoa que asina a solicitude, así como fotocopia compulsada do documento nacional de identidade do solicitante no caso de que a persoa interesada non autorice a comprobación dos datos por medio do acceso telemático ao sistema de verificación de datos de identidade.
- Ficha de solicitude da transferencia bancaria segundo o anexo III desta orde.
- Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, perante outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, segundo o anexo IV desta orde.
- Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas sometidas ao réxime *de minimis* nos tres últimos anos, segundo anexo V desta orde.
- Declaración do representante da empresa na que se relacione o cadro de persoal de todos os centros da empresa nos doce meses anteriores á solicitude, con indicación do tipo de contrato e antigüidade na empresa.
- Copia compulsada dos documentos TC2 da empresa solicitante, referidos ao mes inmediatamente anterior á presentación da solicitude e documento xustificativo do seu pagamento. No caso de non poder achegar o TC2 do dito mes, achegarán o relativo ao último mes que teñan pagado.
- Balance e conta de resultados da entidade solicitante do último exercicio pechado anterior á data da solicitude.
- Documentación acreditativa dos criterios de valoración especificados no artigo 11 desta orde, que reúne a empresa solicitante. No caso do criterio 6 deberá achegarse declaración da lingua que se vai empregar.
- Memoria detallada na que se explique o desenvolvemento da actividade que se vai a realizar e os custos desta.

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA:**Liña I:**

- Indicación dos medios previstos para o seu desenvolvemento.
 - Se se realiza mediante persoal da propia empresa: currículo que acredite os coñecementos deste persoal en materia de responsabilidade social empresarial.
 - De ser o caso, certificación da consultora que se vai encargar do proxecto no que se acredite a súa homologación pola entidade propietaria ou responsable do modelo de xestión.
- Orzamento detallado dos gastos necesarios para a realización do proxecto, informe ou actividade cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes.

Liña II:

- Documentación acreditativa de que a entidade formativa colabora coas entidades propietarias dos modelos de xestión aos que a empresa quere adherirse.
- Programa do curso, que acredite que a temática se axusta ao compromiso, estándar ou certificación co que se compromete.
- Orzamento detallado do curso ou tarifa deste establecida pola entidade que o imparte.
- Certificación da empresa solicitante da persoa ou persoas que van asistir á formación, con indicación da súa categoría e do posto de traballo que desempeñan.

Liña III:

- Documentación da entidade certificadora acreditativa de que está recoñecida pola entidade propietaria do modelo que se pretende implantar.
- Orzamento detallado dos gastos da certificación.

ANEXO III

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

EXPEDIENTE			
CÓDIGO DO PROCEDEMENTO			
TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATOS BANCARIOS			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENTIDADE	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CERTIFICO:			
Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.			
_____, de _____ de _____			
SINATURA DO/A SOLICITANTE		SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA	

ANEXO IV

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS PARA A MESMA ACTIVIDADE

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA FOMENTAR A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL NAS PEMES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR860A
---	---

D/D.^a _____ con DNI n.º _____
 en nome e representación da entidade _____
 con NIF/CIF n.º _____, en calidade de _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA	AXUDA EN RÉXIME DE MINIMIS ⁽¹⁾
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

⁽¹⁾ Indicar cun X o que proceda.

AXUDAS SOLICITADAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA	AXUDA EN RÉXIME DE MINIMIS ⁽¹⁾
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

⁽¹⁾ Indicar cun X o que proceda.

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para a mesma actuación, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____

(Sinatura e selo da entidade)

CVE-DOG: 4c6f628e-71d7-4113-bca7-384b7fee047a

ANEXO V

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS SOMETIDAS AO RÉXIME DE MINIMIS

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA FOMENTAR A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL NAS PEMES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR860A
---	---

D/D.^a con DNI n.º
 en nome e representación da entidade
 con NIF/CIF n.º , en calidade de

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas sometidas ao réxime de *minimis* que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

⁽¹⁾ Indicar cun X o que proceda.

AXUDAS SOLICITADAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

⁽¹⁾ Indicar cun X o que proceda.

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____ , de _____ de _____

(Sinatura e selo da entidade)

CVE-DOG: 4c6f628e-71d7-4113-bca7-384b7fee047a